



FICHA DE BOA PRÁCTICA

DATOS DE IDENTIFICACIÓN	Nome da boa práctica:
	Comunicación Inclusiva. Consiste no uso dunha linguaxe respectuosa, non sexista.
	Entidade que a promove:
	Accede Social, centro especial de emprego de iniciativa social de COGAMI Empresarial.
	Concello:
	Santiago de Compostela, A Coruña

CONTEXTO. SITUACIÓN INICIAL

Accede Social é un centro especial de emprego de iniciativa social, parte de COGAMI Empresarial, que promove a integración laboral e social de persoas con discapacidade, ofrecendo emprego adaptado e servizos inclusivos. A linguaxe utilizada para referirse ás persoas con discapacidade a miúdo inclúe termos que perpetúan estigmas sociais, os cales teñen connotacións negativas ou excluíntes. Estas palabras poden invisibilizar ás persoas con discapacidade ou presentalas de maneira pexorativa, contribuíndo á discriminación e a unha percepción distorsionada da súa realidade. Ademais, a falta dun enfoque inclusivo na comunicación, xa sexa oral ou escrita, limita a participación deste colectivo na sociedade, afectando o seu dereito para ser tratado con respecto e dignidade.

DESCRIPCIÓN DA BOA PRÁCTICA

A boa práctica consiste en promover o uso dunha comunicación inclusiva, onde se prioriza o termo “persoa con discapacidade” en lugar de expresións pexorativas. Isto fomenta unha visión respectuosa e humanizadora das persoas con discapacidade, evitando estereotipos ou reducións da súa identidade á súa condición. A linguaxe non só debe ser respectuosa, senón que tamén debe aliñarse coa normativa vixente, como a Convención de Nacións Unidas sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade. Desta forma, Accede Social busca eliminar termos negativos e promover un enfoque inclusivo, integrando a este colectivo na comunicación diaria.

RESULTADOS OBTIDOS

O uso dunha comunicación inclusiva permitiu a Accede Social contribuír á visibilización positiva das persoas con discapacidade, promovendo unha imaxe que respecta os seus dereitos e a súa participación plena na sociedade. Este enfoque axudou a transformar estereotipos negativos en percepcións máis realistas, o que facilita a súa integración tanto no ámbito laboral como social.